EcoForGaM

Promoviendo la Bioeconomía Forestal en socio ecosistemas de montaña a través de la puesta en valor de los sistemas silvopastoriles locales, de las comunidades rurales que los sustentan y los beneficios ambientales que aportan, como estrategia resiliente de sostenibilidad y adaptación al cambio climático.

Marzo 2024-Diciembre 2025.

Jornada Trasmochos, Paisajes Culturales, Territorios Vivos.

Presentaciones del 30 de noviembre:

1. Fundación Montescola. Galicia. **Belén Albor Nimo**.
2. Asociación Ser. Galicia. **Javier Otero Rodríguez.**
3. El Comunal (La Ortiga Coletiva). Cantabria. **María Montesinos de la Iglesia**
4. Asociación EPA! - Jóvenes Rurales. Extremadura. **Lucas Rodríguez Marcos**.
5. Nos plantamos. **David Gallar Hernández**

Proyecto que cuenta con el apoyo de la Fundación Biodiversidad del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), financiado por la Unión Europea - NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Fundación Biodiversidad

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

FUNDACIÓN MONTESCOLA

BRIGADAS
DESEUCALIPTIZADORAS



ATLAS DE ÁREAS CONSERVADAS POR COMUNIDADES LOCAIS

casa quindós

Asociación Ser

Programa de Acción

2024 2025 2026 2027 2028

Programa de Acción 2024–2028

Asociación Ser

Índice

1. De onde vimos

2. A comarca

3. A nosa razón de SER

3.1 Equipo

3.2 Director

3.3 Obxectivos

3.4 Colaboradores

4. A quen acompañamos

4.1 Gandeiros e gandeiras

4.2 Novos e novas poboadoras

4.3 A rapazada

4.4 Mulleres da montaña

5. Cara onde camiñamos:

L1- Mudanza do paradigma cultural cara un que valorice a vida en Ancares

L1 A1 A cultura como vehículo de encontro comunitario

A1.1 O Cineclube da Montaña

A1.2 O Festival de músicas das montañas do Mundo

A1.3 As residencias artísticas

A1.4 O laboratorio xuvenil de creación audiovisual

A1.5 O Campus de cinema

L1 A2 **Apropiación social dos valores patrimoniais do territorio: Educación para a conservación ambiental e cultural**

A2.1 A xincana pedagóxica Latexa Ancares

A2.2 Celebración do premio "Inspiración Ancares": recoñecemento ás boas prácticas no territorio

A2.3 Voluntariados para a recuperación do patrimonio (campos de traballo + voluntariado medioambiental)

L1 A3 Novos usos dos bens arquitectónicos de Ancares

A3.1 Inventariado e difusión dos recursos patrimoniais e arquitectónicos

A3.2 Ocupación cultural do patrimonio

A3.3 Viabilidade das pallozas: recuperar a cultura do colmo

L2- Revitalización da Poboación dos Ancares Lucenses

L2 A1 Crear a Oficina de Acompañamento e Acollida a Novos Poboadores

A1.1 Inventariado de recursos da comarca

A1.2 Deseño de ferramentas para a procura activa de novos poboadores

A1.3 Apertura do Espazo de Benvida.

L2 A2 Apoio ao emprego e emprendemento económico-social feminino

A2.1 Diagnose do territorio con perspectiva de Xénero

A2.2 Apoio á mulleres produtoras da montaña

A2.3 Promover o tecido asociativo de mulleres da comarca e as súas redes de apoio

L2 A3 Desenvolver modelos integrais de coidados adaptados ás necesidades do territorio

A3.1 "Filandon Familiar", para a conciliación e a crianza

A3.2 "Leiras e lareiras": programa de aprendizaxe interxeracional

L3- Novos manexos do territorio para a recuperación de terras ermas de Ancares

L3 A1 Posta en marcha de instrumentos innovadores para os manexos do territorio

A1.1 Posta en marcha dun sistema piloto de movilidade de terras

A1.2 Desenvolvemento de Aldea Modelo: Vilela

A1.3 Apoio e posta en marcha de polígonos agroforestais

L3 A2 Recuperación de prácticas produtivas sostibles

A2.1 Bioeconomía forestal, recuperación e aproveitamento de soutos

A2.2 Plan formativo para a recuperación de soutos vellos

A2.3 Desenvolvemento do programa Campus Rural

L3 A3 Diálogos territoriais para novos manexos

A3.1 Laboratorios veciñais para os manexos do territorio

A3.2 Encontros para xestión sostible do territorio: "Foro Montes de eiqui"

6. Alianzas no territorio

- **Titulares de Obrigacións.**
- **Titulares de Responsabilidades.**
- **Titulares de Dereitos.**

7. Perspectivas económicas

8. Monitoría, Seguimento e Avaliación

Anexo I.- Árbores de problemas e obxectivos

Anexo II.- Matriz de Marco Lóxico

1. De onde vimos

A Asociación Ser é unha entidade sen ánimo de lucro de carácter cultural e ambientalista que nace nos Ancares lucenses no 2017. A Asociación Ser ten por vocación participar no desenvolvemento deste territorio, na construción do presente e do futuro honrando o pasado.

Casa Quindós, a sede da Asociación Ser, é un centro cultural, pero sobre todo unha casa que quere vertebrarse co seu entorno. Diversos proxectos de agricultura, gandaría e patrimonio teñen por fin recuperar e darlle un uso ás terras de Vilela, procurando a súa autosuficiencia e sostibilidade, e, de paso, minorar o risco de incendios. Pretendemos que o proxecto sexa, así mesmo, dinamizador doutras iniciativas dos sectores agro-gandeiro, turístico, sociocomunitario e ambiental na zona, con carácter sensibilizador, tanto pra poboación local coma pros que nos visiten de fóra. Ser, en definitiva, un espazo de experimentación de desenvolvemento rural que axude a atopar soluciois frente ás variadas problemáticas que encara a montaña lucense. Durante estes tres anos de existencia conseguimos, a base de moito esforzo, xenerosidade e empatía, converternos nun referente na dinamización da comarca. A nosa vinculación cas veciñas e veciños, administracións públicas, centros educativos e co resto do tecido asociativo da comarca é unha das nosas señas de identidade. Apostamos pola participación activa da cidadanía, facilitando espazos e procesos que permitan as persoas ser protagonistas dos seus propios proxectos o que se traduce nun aumento da autoestima, reforzo do sentido de pertenza e a construción dunha identidade propia. Contribuimos dun xeito substancial a revitalizar o territorio.

2. A comarca

As montañas dos Ancares estan situadas na periferia de Europa, España, e da propia Galicia. Zona de transición entre os climas atlántico, cantábrico e continental-mediterráneo, esta é unha das zonas de España con maior diversidade de flora e de fauna, o que lle valeu para ser declarada Reserva da Biosfera pola Unesco, e parte da Rede Natura 2000. A súa accidentada orografía conformada por vales en V sucédese e multiplícase en tódalas direccións, dando lugar a un territorio de fortes desniveis que van de pouco máis de 300 metros de altitude a 2000 en moi pouca superficie. Un territorio conformado por aldeas en lugares de moi difícil acceso, moi dispersas entre si, que ofrecen condicións moi pouco favorables para o desenvolvimento da agricultura intensiva e mecanizada. Corzos, lobos, bizolos (aguias), rebecos ou osos, son, xunto aos humanos, outras especies en perigo de extinción que se atopan nestes vales refuxio.

A Casa Quindós está ubicada na aldea de Vilela, no límite entre os concellos de Navia de Suarna e Cervantes. Vilela foi unha das primeiras aldeas da zona que quedaron sen habitantes, nunha comarca que ten hoxe unha densidade demográfica de catro persoas e media por kilómetro cuadrado. Illada no fondo dun vale a estrada que accede a ela morre na propia aldea, unha aldea que hai tres anos non tiña veciños e agora xa ten dúas casas habitadas, que por fin ten cobertura telefónica, pero cunha orografía que practicamente impide o uso de maquinaria agrícola. Estes aparentes obstáculos representan para a Asociación Ser as súas principais virtudes: tódolos esforzos e sacrificios que este espazo esixe ós seus habitantes pode repercutir no seu desenvolvemento persoal. A montaña dá quitando. A asociación quere cumprir con esa máxima que di que “onde antes morre a vida, antes renace”.

3. A nosa razón de ser

O mantemento da vida e do ecosistema nos Ancares é a nosa razón de ser, apostamos polo desenvolvemento humano sostible, sementamos ideas, proxectos e programas para recoller vida presente e futura. Queremos afrontar os desafíos que ameazan a existencia tal e coma a coñecemos na comarca.

A despoboación ten sido nas últimas cinco décadas o fenómeno sociolóxico de maior impacto no territorio, o efecto deste éxodo vese reflexado principalmente no abandono. Abandono das actividades produtivas tradicionais, abandono das terras (pastos e soutos), do patrimonio arquitectónico (casas de labranza, horreos, pallozas etc.), perda do tecido e do imaxinario cultural e comunitario.

A tendencia poboacional regresiva e a falta de relevo xeracional é unha espiral que se retroalimenta e afecta sobre a autoestima individual e colectiva. A escasa atención por parte das administracións públicas para atraer investimento, talento e oportunidades ó territorio contribúe tamén de xeito directo a infravalorar os recursos endóxenos que posúe a comarca. A falta de iniciativas para o ordenamento territorial que permita superar a gran fragmentación da propiedade, a escasa base territorial das explotacións, e as dificultades para acceder a terra son outros dos grandes desafíos ós que nos enfrontamos a hora de dar viabilidade á vida na comarca.

A necesidade de recuperar a biodiversidade e de conservar o ecosistema de montaña obríganos a deconstruir o xeito de implantar as figuras de protección de espazos naturais no territorio. Os intentos por impor sistemas de protección ambiental alleos a realidade destas montañas, cortados e colados doutros territorios, sen contar ca participación das veciñas e veciños e sen atender as súas necesidades e demandas abocaron ó fracaso calquera intento de protexer o territorio contra futuras depredacións da montaña por parte de multinacionais mineiras, madeireiras ou enerxéticas.

A escasa penetración das novas tecnoloxías nos negocios ou nas institucións, as complexidades loxísticas para o envío de produtos locais a mercados urbanos, a escaseza de actividade produtivas do sector servizos dedicadas ó turismo, a falta de vivenda en aluguer e as fortes inversións que precisan as casas a venda son elementos que dificultan o desenvolvemento da comarca.

A pesar das circunstancias aquí descritas hai motivos para a esperanza e o optimismo. Duns anos a esta parte emerxeu unha consciencia colectiva por parte das veciñas e veciños da situación de esmorecemento das aldeas, que fixo ver a necesidade de abrazar ós novos poboadores e os seus proxectos de vangarda. Hai un refluxo do movemento migratorio inverso que leva a instalarse a xente nova e familias nas montañas dos Ancares con proxectos vitais respectuosos co territorio e cun enfoque de desenvolvemento humano sostible. Fortalecéronse os tecidos asociativos, as cooperativas produtivas, emerxeron redes de mulleres e asociacións como SER e outras que hai anos eran impensábeis na comarca.

Fronte a espiral do abandono e da emigración, a través da participación, da posta en valor dos recursos endóxenos, do intercambio de experiencias estamos creando o efecto bola de neve que permite acumular coñecementos, multiplicar os impactos e reproducir os casos de éxito de aldea en aldea.

As potencialidades do territorio son moitas e diversas. Destacan a existencia de sistemas produtivos locais ricos e diversos en produtos do sector primario de alta calidade con posibilidades de transformación (mel, resinas, froitas e froitos, herbas aromáticas, medicinais, etc.) que contan cunha alta demanda nas cidades. Existe un elevado potencial para a xestión conxunta de terras de cultivo, pastoreo e montes comunais reducindo os custes de inversión que tería que facer un particular para arrancar un novo proxecto produtivo. Os novos instrumentos de mobilidade de terras postos en marcha de xeito incipiente polas administracións poden axudar a que se instale xente nova no sector primario da comarca.

A existencia da Reserva da Biosfera Ancares Lucenses e Montes de Becerreá posibilita artellar un sistema de produtos de destino ecoturístico asociado a “marca Ancares”, que a súa vez, pode dar lugar a empregos complementarios ou alternativos que resulten atractivos para a xuventude. Para aproveitar todos estes recursos tórnase imprescindible superar a visión localista e traballar para elaborar unha estratexia comarcal integrada e crear circuítos turísticos en todo o territorio.

As novas tecnoloxías, os cambios nas dinámicas laborais e o ateigamento nas grandes cidades está a provocar un fenómeno de crecente demanda de poboación urbana que quere vivir en entornas saudábeis. Isto xera novas posibilidades en territorios coma os Ancares. Para aproveitar esta xanela de oportunidade é importante desenvolver medidas que permitan mellorar a conectividade nos concellos, a dixitalización das administracións, a promoción dos servizos básicos e recursos existentes na comarca como escolas, vivenda dispoñible, emprego, servizos de saúde, de coidados etc.

3.1. Equipo

Somos un total de 20 os membros promotores que decidimos asamblearíamente a programación e os pasos a dar da Asociación Ser. Repartidos entre os concellos de Navia de Suarna, Cervantes, Becerreá e As Nogais, entre nós hai unha mestura de oriundos, retornados e novos poboadores. Cunha media de idade que ronda os 40 anos, estamos todos no noso momento vital máis fertil e creativo, dispostos a facer dos Ancares un espazo onde tanto nós como os que veñan poidamos ter unha vida con futuro, plena e digna.

A nosa relación e os nosos encontros son a principal actividade da asociación, unha mostra da vontade que temos de favorecer a participación social, as relacións entre as persoas do territorio e de fora do territorio, e a difusión do coñecemento e do acervo cultural.



3.2. Director

Oliver Laxe é o presidente da Asociación Ser. Fillo de ancaresa emigrada en Francia, decide voltar á súa terra de orixe, onde filma no ano 2018 o filme O que arde, que estreará con éxito no festival de Cannes acadando o premio do Xurado na sección «Unha certa mirada» e dous premios Goya da Academia de Cinema. Dende entón Oliver vive permanentemente en Vilela, onde impulsa a asociación xunto aos seus veciños e veciñas. Oliver é sen dúbida un magnífico embaixador da montaña lucense, un axente revulsivo, dinamizador e transformador que ten as ferramentas e a vontade necesarias para cumprir os obxectivos marcados pola asociación.

3.3. Obxectivos

- Contribuír a **frear o despoboamento** da Comarca dos Ancares no seu conxunto a través de accións que favorezan o seu desenvolvemento económico, social e cultural, de xeito sostible, inclusivo e respectuoso co medio natural e as formas de vida tradicionais e que melloren a calidade de vida da veciñanza.
- Dotar á poboación dun **espazo de encontro** que se converta en referencia, a nivel comarcal, provincial e autonómico, en materia de desenvolvemento rural e sustentabilidade ecosocial.
- Favorecer o **desenvolvemento económico** da comarca fomentando a posta en valor dos recursos locais: agrícolas, gandeiros, forestais, patrimoniais, paisaxísticos, culturais e turísticos, a través de accións que fomenten o consumo de proximidade, a economía circular e resalten o valor engadido dos mesmos pola súa contribución á protección do medio natural e dos modos de vida tradicionais.
- A protección e **defensa do medio** e dos recursos naturais, dos ecosistemas, e da paisaxe, así como do xeitos de vida e actividades que favorezan a súa conservación, coñecemento, estudo, divulgación e promoción.
- A **colaboración** con centros educativos da comarca, así como con entidades sociais, institucións públicas ou privadas, que presten servizos á veciñanza para a realización de actividades formativas e de asesoramento.
- A busca de **sinerxias** e a colaboración cos diferentes axentes locais e autonómicos (administracións, empresas, asociacións...) e coa veciñanza en xeral.
- A **dinamización cultural e social** da comarca de Ancares. A través de voluntariado, residencias e formacións artísticas, culturais e científicas, obradoiros e sesións de cineclube.

3.4. Colaboradores

4. A quen acompañamos

Gandeiros e gandeiras

As familias gandeiras das montañas de Ancares son o eixo que vertebra o territorio. Ás dificultades da orografía e do clima da comarca hai que sumar os desafíos habituais do rural galego, a despoboación, a perda de servizos e un sentimento de desamparo das administracións.

A gandería extensiva de montaña é unha actividade multifacética que vai máis alá da produción de carne . A actividade gandeira contribúe ó mantemento das paisaxes de montaña, xa que o pastoreo controlado axuda a prever a proliferación de vexetación non desexada e reduce o risco de incendios forestais. A gandería nos Ancares está directamente relacionada ca conservación de especies vexetais e animais. A vexetación dos pastos de montaña desempeña un papel importante na regulación de ciclo da auga, capturando e liberando radualmente auga de choiva, o que contribúe a manter os caudais dos ríos e regatos durante todo o ano. O pastoreo facilita a estabilización de terreos montañosos, reducindo o risco de desleixamentos de terra, o que a súa vez protexe as comunidades que viven nas aldeas destas áreas. Os pastos de montaña son sumidoiros naturais capaces de capturar os excedentes de carbono e almacenalos no subsolo reducindo as emisións da actividade gandeira. A preservación de prácticas e coñecementos ancestrais, a produción local e diversa de alimentos de alta calidade e a contribución a soberanía alimentaria dos habitantes da montaña son outras das riquezas que xeran as familias gandeiras na comarca de Ancares. Apoiar o mantemento desta gandería heroica e sostible tórnase indispensable para garantir a supervivencia da vida nos Ancares a medio longo prazo.

Novos e novas poboadoras

Os novos residentes son un elemento central para dinamizar o territorio. Aínda que non compensan a perdida de poboación froito da emigración e do envellecemento si supoñen os primeiros pasos para a mudanza nas dinámicas demográficas das últimas década. Cada novo asentamento de persoas na comarca ten un efecto multiplicador da propia función social que compren. Ademáis de por en releve oportunidades de vida das que as persoas locais non sempre se tiñan percatado, amplifican a diversidade social e fan máis atractivo o entorno rural.

Os novos poboadores contribúen a fixar poboación infantil e provocan un aumento da demanda de servicios básicos, producen unha maior interacción e enriquecemento de experiencias vitais no territorio. Tornase imprescindible analizar o proceso de chegada de novos poboadores, coñecer as principais dinámicas que existen, así como os perfís que os definen e o protagonismo que adquiren nas comunidades onde se asentan.

A rapazada

A xente nova é o maior patrimonio que ten a comarca de Ancares sendo 371 os menores de 16 anos que viven nos cinco municipios que conforman a comarca. O relevo xeracional nas aldeas da comarca presenta unha serie de desafíos que deben abordarse para asegurar a continuidade e o desenvolvemento sostible destas comunidades.

Os rapaces e rapazas atopan moitas dificultades para satisfacer a súas aspiracións persoais e profesionais na comarca pola escaseza de oferta de servizos culturias, sociais e profesionais o que lles pon en situación de desvantaxe respecto a mocidade de outras comarcas. Esta situación provoca unha baixa valorización do local por parte de este colectivo e aspiracións a emigrar cara as cidades en busca destas oportunidades.

Dende a Asociación Ser contribuímos a ampliar a oferta de actividades culturais, formación para novos empregos e actividades deportivas e medioambientais dirixidas a estes colectivos. (Ver páxinas 26, 82, 84, 88, 106, 132 e 169 da Memoria de Activades da Asociación Ser 2021/2022/2023).

Mulleres da Montaña

As mulleres de Ancares nos destacamos pola nosa resiliencia e o noso sentido de comunidade. A nosa vida está moi influenciada pola natureza e moi marcada polas estacións do ano. Desempeñamos un papel fundamental no territorio, contribuíndo á economía local, á conservación do medio ambiente, os coidados da vida e á preservación das tradicións culturais.

Polo tanto, podemos dicir con total convencemento, que nesta comarca as mulleres, teñen sido as protagonistas na "sostenibilidade da vida" en todos os sentidos, xenerando procesos de coidados e de transformación social onde "se pon a vida no centro" a todos os niveis e estamentos sociais e culturais. Así, dende unha mirada integradora, temos que traballar para minimizar ó éxodo feminino que dáse na nosa zona, xa que as mulleres constitúen, como colectivo, un dos motores de cambio e de asentamento da poboación local.

Porén, tamén encaramos desafíos únicos debido a nosa ubicación xeográfica. Temos enfrontado historicamente desafíos importantes relacionados cos nosos roles de xénero, o que levou as xeracións máis novas de mulleres ancaresas a emigrar cara as cidades. Desde a Asociación Ser brindamos apoio para mellorar as condicións de vida das mulleres, promover a igualdade e equidade de xénero e fortalecer a súa participación na vida pública da comarca. O apoio específico a muller da montaña repercute de xeito directo en toda a poboación e no desenvolvemento sostible de todo o territorio.

(Ver páxinas 28, 92, 100, 104, da Memoria de Activades da Asociación Ser 2021/2022/2023).

5. Cara a onde camiñamos

Obxectivo estratéxico:

A recuperación da demografía, do tecido produtivo e a conservación do ecosistema dos Ancares lucenses é o noso obxectivo estratéxico. Ancares vivo e activo é a nosa máxima. A definición deste obxectivo estratéxico é fundamental para guiar a toma de decisións, proporciona un marco claro e unha dirección a seguir polo equipo de traballo da asociación.

Todos os esforzos e recursos, humanos, económicos e materiais dos que dispomos están orientados a dinamizar e revitalizar social, económica e ambientalmente a comarca dos Ancares lucenses. As persoas que formamos parte da Asociación Ser estamos convencidas que o camiño para garantir as condicións de vida das futuras xeracións no planeta, pasa por desenvolver medios de vida sostibles acordes ca biocapacidade de cada territorio. O modelo de concentración da vida humana en grandes urbes require da sobre explotación dos recursos básicos para a existencia humana (auga, aire e terra) superando os límites físicos do planeta.

Dende a Asociación Ser apostamos por transitar cara a modelos de vida mais harmónicos, que saiban aproveitar as vantaxes do desenvolvemento técnico e tecnolóxico actual cos saberes que fixeron posible a vida na terra durante os últimos centos de miles de anos. Para alcanzar o obxectivo estratéxico proposto no curto medio prazo implementaremos TRES liñas fundamentais de intervención.

L1

Liñas de intervención

L1: Mudanza do paradigma cultural cara un que valorice a vida en Ancares

Mudanza do paradigma cultural cara un que valorice a vida en Ancares

Coa posta en marcha de accións dentro desta líña estratéxica pretendemos influír no imaxinario colectivo dos de aquí e dos de aló: o cambio ten que ser primeiro cultural, na mirada hacia nós mesmos. Seguiremos traballando para modificar a idea de que pertencemos a un territorio considerado periferia, "onde non é posible o futuro", para mudala por unha idea que nos faga sentir no centro das nosas experiencias individuais e colectivas. Apelaremos aos mapas emocionais e as cartografías da infancia para por en valor o que somos e o que queremos SER. Apoiaremos e difundiremos iniciativas que demostren que os Ancares é un lugar de oportunidades onde desenvolver proxectos vitais para a xente nova e as familias, para que estas se autorealicen dignamente.

A utilización dos recursos naturais do territorio por parte das nosas devanceiras e devanceiros son froito de séculos de acumulación de experiencia e coñecemento. Sabemos como aproveitar toda esa bagaxe e o rendemento que podemos sacar para vivir nesta terra. Será preciso apostar pola investigación e a innovación para recuperar e dar novos usos aos elementos patrimoniais do territorio, tanto os materiais como os inmateriais, e adaptalos ás novas necesidades e circunstancias socioeconómicas de hoxe e de mañá.

Facilitar o troco de experiencias entre veciñas e veciños, fortalecer o tecido asociativo ou facer nosas as ideas adaptadas ó territorio dos novos e novas poboadores/as, serán claves para a inxente tarefa de modificar o paradigma cultural dominante que asocia a idea de progreso á cidade e o atraso económico e cultural ao rural.

Para levar a cabo esta tarefa que nos encomendamos dende a Asociación Ser requerirase de moita observación e moita escoita das dinámicas propias da vida na montaña. Precisamente ese modo de vida do rural moito máis orgánico, adaptado ós biorritmos do campo, é un dos maiores potenciais para atraer a todas as persoas que queren saír da trampa do consumo e do espellismo do progreso urbano.

Apostaremos por medidas encamiñadas a xerar benestar individual e colectivo, valorizando a identidade e o sentido de pertenza a montaña dun xeito positivo, dentro dun marco referencial axustado ás peculiaridades das persoas e os seus vencellos cos territorios que conforman os Ancares lucenses.

L1 A1

A cultura como vehículo de encontro comunitario

O desenvolvemento cultural comunitario propón un conxunto de iniciativas locais co obxectivo de expresar, mediante linguaxes artísticas, identidades, preocupacións e ideas, á vez que se constrúen capacidades culturais e se contribúe ao cambio social.

A práctica cultural comunitaria incide dun xeito creativo na propia comunidade, no seu territorio, no ámbito das súas manifestacións e a partir da súa práctica cultural. Os proxectos e programas de desenvolvemento cultural comunitario céntranse no traballo coa comunidade para determinar a súa visión para o futuro, atopar solucións e levalas a cabo, a partir da emerxencia de novas ideas e modos de actuar.

No caso dos Ancares, desde a *Asociación Ser* seguiremos promovendo a práctica cultural comunitaria como vehículo de encontro. Esta dinamización ten por obxectivo mitigar o illamento xeográfico da poboación, separada en numerosas aldeas, creando espazos de encontro e relación entre os veciños, e mellorando o acceso á oferta cultural. A práctica dos encontros fortalecerá o tecido asociativo na comarca e o impulso de novas iniciativas culturais que irán retroalimentando o propio proceso de desenvolvemento a partir da cultura comunitaria. Así o vimos desenvolvendo, tal e como recolle a Memoria de Activades da *Asociación Ser* 2021-23.

A1.1 O Cineclube da Montaña

O Cineclube da Montaña é xa unha seña de identidade da *Asociación Ser*. Membro daFederación Galega de Cineclubs, o cuarto cineclube oficial da provincia de Lugo, cumpre unha importante función social que ó longo destes anos permitiu a moita xente atoparse, socializar e crear comunidade. Buscamos desta maneira a inclusión social, loitar contra unha soidade que na nosa comarca é máis aguda. Despois de cada proxección abrese sempre un debate sobre a película proxectada, moderado polos cineastas locáis Oliver Laxe e Sebastián Uría. O diálogo serve para establecer ou mellorar os vínculos entre os asistentes, para facer do cinema un vehículo da transmisión e de intercambios veciñais. A programación do cineclube está aberta

as suxerencias dos propios participantes, intentando que de algunha forma estén ligadas a temáticas do mundo rural e que nos permitan reflexionar sobre este. Buscamos paliar o severo déficit de oferta cultural na montaña lucense. Demostrar que no rural pode haber cultura de excelencia, e un público que o valore, atraendo así, de paso, novos poboadores. Estamos a constatar coma froito destes encontros ampliouse a base social da asociación, xurdindo novas propostas de traballo no seo da comunidade.
Para os próximos catro anos, o desexo da *Asociación Ser* é estabilizar a programación e realizar ata 6 proxeccións anuais. Queremos poder convidar alomenos a un director de cinema ao ano, directores de películas contemporáneas cuio traballo esté en confluencia co noso obxectivo de cambiar o paradigma e a concepción que se ten do rural na nosa sociedade.

A1.2 O Festival de Músicas das montañas do Mundo

Dende a Asociación temos identificado unha paixón común compartida polos mozos e mozas da comarca: a música tradicional galega. Son moitos os grupos existentes: *Agrupación Abrente*, *Os Xardois* ou *Os Gaioleiros*, entre outros. A tradición é forte, Ancares foi sempre verce para “recollidas” por parte dos músicos máis emblemáticos do folk galego. Consideramos polo tanto estratéxica a organización dun festival de música tradicional, lograr unir á nosa mocidade nun obxectivo común que os vincule de maneira máis estreita e decidida ao territorio. Un proxecto liderado pola *Asociación Ser* en colaboración coas asociacións *A Cambela*, *Xardois*, *San Felipe*, *AMPA Cervantes*, *CDR*, *Abrente* e *Irmandade Naviega*.

Un festival no corazón dos Ancares, no corazón mitolóxico de Galicia, na que os grupos musicais locais fagan de anfitrións para agrupacións de música tradicional de diferentes montañas da península e do mundo. Abrir así a posibilidade para que as agrupacións locais poidan tecer redes de traballo con bandas, produtores e espectadores doutras partes do mundo. E estimular de paso a economía dos negocios de hostelería locais.

Tres días de programación de concertos e actividades paralelas: roteiros-concertos, exposicións e recitais poéticos e literarios en espazos naturais ou patrimoniais singulares. Un festival pequeno con artistas de calidade, con excelencia. Un festival distinto, respetuoso, cercano, a escala humana.

A orientación musical do festival pivotará entre as músicas do mundo e as músicas sagradas. O obxectivo é que a unión de música, patrimonio e paisaxe transforme ao espectador. Que cada concerto sexa unha auténtica experiencia sensorial.

A1.3 As residencias artísticas

Tal e como recolle a *Memoria de Activades da Asociación Ser 2021-23*, foron innumerables os artistas nacionáis e internacionáis que se achegaron a Ancares ao longo destes anos. Queremos que este fluxo creativo sexa permanente coa creación dun espazo de traballo e residencia compartido nunha das edificacións que forman parte da sede da Asociación Ser en Vilela. Non temos dúbidas do gran impacto que pode ter a corto e medio prazo que nos próximos catro anos pasen decenas de artistas polos Ancares. Como xa ven ocorrendo, algúns destes artistas decirán quedarse nos Ancares, ben de xeito permanente ben como espazo de creación. Todos eles contribuirán dese xeito a mudar o paradigma cultural cara un que valorice o territorio. Divulgaremos a súa produción artística a través de entrevistas e exposicións, potenciando moito máis os intercambios coa veciñanza.

A1.4 Laboratorio xuvenil de creación audiovisual

Imos a captar o interese da xente nova polas actividades da *Asociación Ser*, ofrecerlles unha oferta cultural e educativa adaptada os seus intereses. Queremos que sintan que Os Ancares son un territorio apto onde peden desenvolver os seus proxectos de vida. Imos a adicar moitos dos nosos esforzos á organizar actividades pedagóxicas á nova linguaxe audiovisual e os novos formatos de expresión e comunicación, de marcada aceptación por parte das novas xeracións.

Queremos que o espazo de traballo destinado ás residencias artísticas sexa tamén un laboratorio de creación audiovisual e formación que facilite ferramentas para que estes mozos e mozas da comarca creen podcasts e contido audiovisual, que poidan amosar así ó mundo as súas inquedanzas, a súa creatividade e os seus intereses. Parécenos o xeito adecuado de poder involucralos nos proxectos da asociación e contribuír de forma activa aos nosos obxectivos.

Tanto o podcast como a produción de contido audiovisual en redes sociais ten hoxe en día a capacidade de conectar

directamente cun maior número de persoas de entre 15 e 25 anos acostumados como espectadores a seleccionar de maneira moi precisa os contidos dos temas que máis lles interesan. Contar a vida dende Os Ancares permitirá visibilizar e situar no mapa os problemas, os desafíos, as riquezas e as vantaxes da vida na montaña. Traballaremos de maneira moi estreita co IES de Becerreá. Organizaremos actividades e intercambios entre esta mocidade local, os artistas vidos de fora e a veciñanza.

A1.5 O Campus de cinema

Dende a *Asociación Ser* parécenos importante aproveitar o éxito internacional que acadou *O que arde*, mailo recoñecemento da figura de Oliver Laxe e a súa contrastada experiencia docente, para facer dos Ancares un polo de formación cinematográfica. Queremos poder organizar de maneira anual e permanente o xa celebrado e exitoso obradoiro *Procesos creativos esenciais*, no que Oliver e o seu equipo axuda a desenvolver os proxectos cinematográficos de quince cineastas. Ademáis de profundizar no seu proceso creativo e no dos seus compañeiros, as persoas asistentes encontrarán na Casa Quindós un espacio de saúde, coidados e serenidade ideal para o traballo de profundización creativa e autocoñecemiento que se pretende realizar.

Tamén queremos organizar obradoiros técnicos puntuáis cos directores invitados ao cineclube, dirixidos a profesionais da industria galega e nacional. Obradoiros de dirección de fotografía, guión ou producción cinematográfica, entre outros. Queremos que a industria cinematográfica española e europea poña o foco nos Ancares, e idealmente, atraer rodaxes á comarca e á provincia.

L1 A2

Apropiación social dos valores patrimoniais do territorio: educación para a conservación ambiental e cultural

Esta acción contempla un conxunto de iniciativas encamiñadas a promover o coñecemento reflexivo e crítico sobre as relación de interdependencia entre a realidade ecosistémica, social, política, económica e cultural que conforma a contorna. Esta

comprensión xera unha apropiación da realidade que leva as persoas e as comunidades a ter unha actitude de valoración e respecto polo territorio e o seu ecosistema.
Consideramos aquí importante para mudar o paradigma cultural imperante facer fincapé na apropiación social do coñecemento que defínese como a interiorización dos saberes locais, e o seu uso como factor de innovación e de cambio social e progreso. Este concepto suxire un proceso social, de participación e intercambio de saberes e experiencias, onde se reconstrúe colectivamente o coñecemento e faise uso del para mellorar a vida das persoas.

Desenvolveremos procesos nos que as persoas aproximaranse de xeito creativo a diferentes situacións socioculturais, busquen relacionalas, busquen o seu sentido e permitan que se leven a cabo procesos de transformación persoal, grupal e comunitario.

Falar de educación ambiental significa falar dun proceso continuo no que as persoas adquiren os coñecementos, modifican as súas actitudes, adquiren novos valores, incrementan a súa capacidade de acción para desenvolver unha práctica respectuosa con medio natural. Este proceso permite por un lado transformar coñecementos e aptitudes positivas en actitudes e accións, e á sua vez "aprender a participar participando".

A educación ambiental non regulada transmite coñecementos que conlevan a adopción de actitudes positivas no medio natural e social e tradúcense en accións de coidado e respeto pola diversidade biolóxica e cultural.

Seguiremos desenvolvendo actividades xunto á comunidade educativa comarcal, obradoiros, conferencias, roteiros ou xornadas de limpeza, entre outros, dirixidos hacia a protección do medio ambiente e a mellora da calidade de vida das persoas. Faremolo mediante o fortalecemento de iniciativas que respondan ás necesidades detectadas a nivel local e que teñan por obxecto transformar de maneira benéfica a perspectiva das persoas.

A2.1 A xincana pedagóxica *Latexa Ancares*

Temos especial interese en poder organizar de maneira permanente e anual a xincana Pedagóxica *Latexa Ancares*, deseñada especificamente xunto á Asociación X para os nenos da montaña lucense (Terras de Burón, Ancares e Courel), unha actividade que non puidemos seguir celebrando dada a falta de finanzamento. *Latexa Ancares* é unha actividade pensada tendo en conta a idea de que non se pode ensinar e

aprender máis que aquelo que se ama, de que a emoción ten primar nos procesos de intercambio de coñecemento. *Latexa Ancares* é unha actividade na natureza baseada no xogo, na escoita e na observación, coa que queremos transmitir o coñecemento sobre o territorio, a veciñanza e os seus seus medios de produción e potencialidades. Que estes sirvan de espello e modelo e que permitan á xente nova crer e valorar a vida no medio rural como unha posibilidade real para o seu propio futuro. O premio da xincana é converterse en Gardadores da Montaña, asumir a nosa responsabilidade de cara á montaña, algo que, sabémolo ben nos Ancares, so se consegue traballando en equipo.

A2.2 Celebración do premio *Inspiración Ancares*: recoñecemento ás boas prácticas no territorio.

Coa creación deste galardón recoñeceráse as boas prácticas levadas a cabo por particulares para a recuperación de elementos patrimoniais materiais e inmateriais da comarca, co obxectivo de que sirva de referente para que a veciñanza poida adoitar medidas similares nas súas propiedades, terras ou bens culturais propios da súa parroquia.

Queremos festexar unha convocatoria anual do premio *Inspiración Ancares*, dotalo dun recoñecemento económico e acompañalo dunha campaña de difusión e promoción nos medios de comunicación así como nas diferentes redes sociais. Ademais da dotación económica que terá un carácter simbólico, a posta en valor e o recoñecemento social do esforzo por recuperar o patrimonio da montaña constituirá unha forte contribución para poñer en valor os recursos naturáis e patrimoniais do territorio entre a veciñanza.

A2.3 Voluntariados para a recuperación do patrimonio (campos de traballo + voluntariado medioambiental)

Ó longo dos próximos catro anos desenvolveremos promocións de voluntariado e campos de traballo cunha dobre finalidade: por unha banda recuperar espazos e bens en desuso no territorio así como ecosistemas degradados, e por outra banda atraer a xente interesada en coñecer a comarca, convertilos así en potenciais novos poboadores.

Fomentaremos a implicación da veciñanza nos campos de

traballo, comezando por iniciativas de recuperación de roteiros, peches, pastizais, entre outros, identificados polos propios habitantes dos Ancares. Fomentaremos a participación activa da xuventude ancaresa nestes voluntariados para que lles permita sentirse suxeitos activos no desenvolvemento do seu territorio e que poidan visibilizar o interese que esperta a súa comarca a xentes de todo o mundo.

L1 A3

Novos usos dos bens arquitectónicos de Ancares

A reutilización do patrimonio edificado é unha práctica de carácter histórico que ten permitido conservar inmóbeis de todas as épocas a través do cambio de uso para adaptarse a novas necesidades do seus habitantes, traendo ao presente configuracións arquitectónicas que reúnen valores aportados ó longo da súa existencia. A conservación de bens construtivos significativos non se centra soamente na súa existencia física se non sobre todo en aquelo que representa para un determinado grupo social; non basta, daquela, en conservar o ben arquitectónico senón tamén o seu significado. A conservación do entorno construído pasa logo pola súa utilización como espazo habitable, capaz de albergar funcións para a sociedade contemporánea, adaptándose as condicións actuais de uso, e preservando a súas características e valores esenciais. Supón un enorme reto, pois o contexto actual demanda solucións concretas, sensibles e creativas.

A3.1 Inventariado e difusión dos recursos patrimoniais e arquitectónicos

Os inventarios forman parte integrante da salvagarda do patrimonio porque sensibiliza ao público respecto de dito patrimonio e da súa importancia para as identidades individuais e colectivas. Ademais, o proceso de inventariar o patrimonio cultural inmaterial e poñer os inventarios a disposición do público pode promover a creatividade e a autoestima das comunidades e dos individuos nos que se orixinan as expresións e os usos dese patrimonio. Por outra parte, os inventarios poden servir de base para formular plans concretos de salvagarda do patrimonio inventariado.

A confección dun inventariado é unha operación funcional, é importante que a veciñanza participe de forma activa na identificación dos elementos patrimoniais e quede reflexado o valor de uso e o valor histórico que ese elemento ten para a comunidade.
Dende a Asociación Ser poñeremos o foco nos bens de Relevancia Local, sendo estas aqueles bens inmóbeis que, non reunindo os valores que xustifiquen a súas declaración como bens de interese cultural, teñen, porén, significación propia no ámbito comarcal ou local, como bens destacados de carácter histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico ou etnolóxico.

A3.2 Ocupación cultural do patrimonio

Na Asociación Ser queremos dedicarlle una atención específica a recuperación das pallozas, pola importancia que teñen para a vida e memoria das ancaresas e polo potencial que gardan para o desenvolvemento turístico e etnográfico da comarca.

A súa recuperación está directamente ligada a recuperación do cultivo de centeo, da arte da malla e do oficio de teitador, o que se conoce como a cultura do colmo. É unha labor difícil que unha vez máis implica a participación de moitas entidades e veciñas e veciños. Entendemos que a recuperación das pallozas pasa tamén pola investigación e a capacidade para darlle novos usos por parte dos propietarios.

A creación dunha cooperativa de propietarios na se que poña as pallozas a disposición de proxectos produtivos como aloxamentos, cantinas ou espazos para intervención cultural poden ser saídas que permitan rehabilitar e manter paso a paso as numerosas pallozas que existen ó longo das montañas ancaresas.

A3.3 Viabilidade das pallozas: recuperación da Cultura do Colmo

Na asociación Ser queremos dedicarlle una atención específica a recuperación das pallozas, pola importancia que teñen para a vida e memoria das ancaresas e polo potencial que gardan para o desenvolvemento turístico e etnográfico da comarca.

A súa recuperación está directamente ligada a recuperación do cultivo de centeo, da arte da malla e do oficio de teitador, o que se conoce como a cultura do colmo. É unha labor difícil que unha vez máis implica a participación de moitas entidades e

veciñas e veciños. Entendemos que a recuperación das pallozas pasa tamén pola investigación e a capacidade para darlle novos usos por parte dos propietarios. A creación dunha cooperativa de propietarios na se que poña as pallozas a disposición de proxectos produtivos como aloxamentos, cantinas ou espazos para intervención cultural poden ser saídas que permitan rehabilitar e manter paso a paso as numerosas pallozas que existen ó longo das montañas ancaresas.

L1

MARCO TEMPORAL: Mudanza do paradigma cultural cara un que valorice a vida en Ancares



L2

Liñas de intervención

L2: Revitalización da poboación dos Ancares Lucenses

Revitalización da poboación dos Ancares Lucenses

A montaña ancaresa está moldeada pola humanidade dende hai mais de 110 mil anos, así se constata na Cova de Valdavara, unha pequena cavidade duns 5 metros de profundidade que ofreceu un reducido espazo de abrigo os primeiros homo sapiens ancareses dos que temos constancia.

A idade media da poboación ancaresa no 2022 según datos do INE (Instituto Nacional de Estatística) situase por riba dos 60,3 anos con un índice de envellecemento cércano a 900% de maiores de 64 anos sobre a poboación de 16 (o índice de Galicia está en 213%). Estes datos reflexan importantes desafíos. A necesidade de prestar servizos adaptados as persoas maiores, nun territorio con núcleos de poboación moi dispersos, existen maís de 500 aldeas nos concellos que forman parte da Reserva da Biosfera e fixar poboación para garantir o relevo xeneracional eson elementos claves para a supervivencia da vida na comarca.

Soutos, sebes de frutais, prados, pastos, bosques mixtos e toda a biodiversidade que conforma a paixase e o patrimonio natural dos Ancares depende da actividade exercida polos homes e mulleres do lugar. A desaparición dos asentamentos humanos está ligada inexorablemente a desaparición do ecosistema.

Especies invasoras e pirófilas de matorral, piñeiros ou alcolitos, que albergan unha baixa densidade de biodiversidade estánse expandindo polas antigas terras de labranza o que aumenta a posibilidade de que xurdan grandes incendios como o acontecido no 2017 e poñan fin ó patrimonio común do que desfrutamos todas e todos.

Ante esta situación a Asociación SER define como unha das tres Liñas Estratéxicas de traballo para o período 2024-2028 ó Rexuvenecemento da Poboación dos Ancares Lucenses. A posta en marcha de medidas, proxectos e actividades orientadas a atraer e fixar poboación nos Ancares é unha prioridade para nós.

L2 A1
Crear a Oficina de Acompañamento e Acollida a Novos Poboadores

Desde o inicio da andadura da Asociación Ser, traballamos de xeito voluntario no acompañamento e acollida de novos poboadores, con varias familias e novos poboadores instalados no territorio, veciños que agora forman parte, tamén, da Asociación. Agora queremos profesionalizar esta experiencia co obxectivo de facela másis eficaz e lograr así unha revitalización da poboación da comarca. A posta en marcha desta Oficina permitirá establecer os nexos necesarios para por en contacto a xente que quere instalarse no rural cas oportunidades que brinda o territorio. Acompañar estes procesos estanos dando ata o momento moi bos resultados, ca posta en marcha desta oficina, profesionalizaremos a actividade, sistematizaremos procesos, seremos mais eficientes e eficaces e multiplicaremos os resultados. Esta actuación permitirá por unha banda facilitar ós propietarios a saída o mercado inmobiliario de vivendas en desuso, mobilizar terras para proxectos produtivos e cubrir postos laborais de difícil cobertura. Mentres que de cara ós potenciais novos poboadores a experiencia nos di que o simple feito de contar cun acompañamento personalizado fai que se incline a balanza á hora de tomar a decisión de instalarse no rural. Somos milleiros os que desexamos unha vida no rural: sós non podemos, con amigos sí.
Definimos a continuación os pasos necesarios para poñer en marcha a Oficina de Acompañamento e Acollida a Novos Poboadores:

A1.2 Inventariado de recursos da comarca

Tras a nosa experiencia acompañando a novos poboadores, detectamos que un dos principais obstáculos para o asentamento de novos veciños é a dificultade para atopar aloxamento na comarca. Aínda que existen numerosas vivendas baleiras, o acceso a elas é difícil, porque adoito esas vivendas non son atopables a través das canles habituais de acceso á vivenda, como

as plataformas ou as empresas inmobiliarias.

A través da nosa rede de colaboradores conocemos persoas de referencia (líderes informais do territorio) en cada un dos concellos da comarca. Estabeleceremos mecanismos de traballo que nos permitirán levantar os recursos endóxenos do territorio para poñelos á disposición dos novos habitantes: vivenda, emprego, servizos, asociacións, actividades de ocio e tempo de lecer, turismo. En colaboración co GDR Montes e Vales Orientais, así como o CDR de Cervantes, levaremos a cabo este análise do territorio.

Artellaremos unha estratexia de traballo xunto ós concellos, empresarios e asociacións para recoller e mostrar toda esta información dun xeito sistemático, accesible e atractivo. Neste sentido, o Grupo de Desenvolvemento Rural da comarca, Montes e Vales Orientais desenvolveu un traballo de levantamento do patrimonio arquitectónico e actualmente está implementando un proxecto que contempla accións orientadas a elaboración dun banco de vivendas e emprego no territorio.

A1.3 Deseño de ferramentas para a procura activa de posíbeis novos e novas poboadoras

Unha vez inventariado o territorio e categorizadas as posibilidades e recursos cos que contamos no territorio para ofrecer e facilitar a chegada de novos poboadores, o seguinte paso é establecer canles de comunicación dirixidas a este colectivo. Persoas novas e adultas, parellas, familias novas, estranxeiros, persoas de colectivos vulnerables, os chamados “nómadas dixitais”, e todas aquelas persoas con vontade de estabelecerse no rural porque consideran que gañan calidade de vida respecto a vida urbana.

Deseñaremos canles de comunicación formal e informal para poder chegar ao maior número de persoas do noso colectivo meta. A máis dunha estratexia xeral baseada no emprego das Redes Sociais e a divulgación nos xornais locais e comarcais, para cada colectivo de potenciais novos poboadores haberemos de adaptar a nosa estratexia de comunicación. Estableceremos colaboracións con programas de reinserción de colectivos

vulnerables (refuxiados políticos, vítimas da violencia de xénero) con ONG's como Rescate.

Organizaremos actividades-chamada orientadas á xente das vilas, como roteiros ou retiros, que permitan aos potenciais novos poboadores conocer a comarca e a súa xente, se decaten de que é posible vivir no rural e se decidan a dar o paso. Os novos poboadores de orixe estranxeira tamén son quen de provocar un efecto chamada se, desde a Oficina de Acollida, somos quen de integralos no tecido social a través da nosa actividade e poñemos ao seu dispor as ferramentas de acollida de novos poboadores.

A1.4 Apertura do Espazo de Benvida

Despois da experiencia acumulada na actividade de acompañamento e acollida a novos poboadores, desde a Asociación Ser detectamos a necesidade de traballar dun xeito dual. Decatámonos de que o acompañamento personalizado no proceso de acollida pode ser un dos factores diferenciais que decante aos novos poboadores a elexir Ancares como territorio de vida.

O traballo dual consistirá en traballar a través de dúas canles: unha oficina virtual e unha oficina física. A oficina virtual nos permitirá chegar nun primeiro momento a todas aquelas persoas interesadas e establecer o primeiro contacto. A oficina física nos permitirá recibir nun segundo momento a estas persoas e facerlles un acompañamento personalizado. Ademáis, unha oficina física permitirá que a poboación local se achegue ó proxecto, vendo en nós a posibilidade de mobilizar recursos dispoñíbeis, dinamizalos, recuperalos e sacarlles rendemento. O Espazo servirá tamén a todas aquelas persoas que cheguen cun proxecto profesional e precisen de tempo para estudar as posibilidades de concretalo no territorio.

L2 A2

Apoio ao emprego e emprendemento económico-social feminino

Dende a Asociación Ser priorizamos as mulleres da montaña como un colectivo o cal destinar os nosas accións e recursos. Apoiar o emprendemento feminino económico, político, no sentido amplo da palabra, e social, de xeito específico, contribuirá de forma substancial a promover un desenvolvemento máis inclusivo dos Ancares.

Co apoio de entidades do territorio como a Asociación de Mulleres Rurais Ledicia e FADEMUR, no Concello de Navia de Suarna, ou o CDR de Cervantes, chegaremos a boa parte da poboación de mulleres da comarca.

Fomentar o empoderamento das mulleres da montaña é esencial para o seu bo suceso, isto inclúe o desenvolvemento de habilidades de liderazgo e a promoción da participación na toma de decisións na vida pública da comunidade.

A2.1 Diagnose do territorio con perspectiva de Xénero

As mulleres supoñen máis da metade da poboación da comarca Ancaresa. Os indicadores de desenvolvemento desagregados por sexo sinalan fendas de xénero importantes no territorio relativas ó nivel educativo, acceso a créditos, a propiedade da terra e das vivendas, a participación na vida pública etc. Levantar toda esta información ó detalle será o punto de partida para poder desenvolver proxectos, programas ou políticas locais destinadas a reducir estas fendas e promover a igualdade entre homes e mulleres da comarca.

Do mesmo xeito que para acción anterior, contamos con numerosos colaboradores no territorio que poderán contribuír ó levantamento de toda esta información, porén, precisaremos dun equipo técnico profesional que permita definir as ferramentas, orientar o traballo de campo e procesar toda a información para ter un diagnóstico útil e operativo.

A2.2 Apoio a mulleres produtoras da montaña

Unha das principais características das mulleres da montaña é que a cotío involúcranse de xeito informal nunha alta variedade de actividades, como a agricultura, a gandería, a artesanía, o turismo rural ou a prestación de servicios locais. Transitar cara a profesionalización das actividades que desenvolven no seu día a día para diversificar as fontes de ingresos, ganar autonomía e contribuír a posta en marcha de proxectos vitais que fixen poboación no territorio é o sentido desta actividade.

Como principal potencial económico para mulleres da comarca neste sentido temos identificado a colocación no mercado local do excedente agrícola de produción da horta. Existe un excedente no territorio de produtos de fácil colocación no mercado como o grelo, a pataca e a cebola, noces, mazás castañas e outros que pola falta de apoios e iniciativas colectivas non son aproveitadas polas mulleres produtoras para xerar ingresos.

Para colocar estes excedentes produtivos no mercado local destaca na comarca a iniciativa Cociña de Ancares Terra de Burón liderada polo GDR Montes e vales orientais e que ten coma un dos seus referentes en Ancares a Cooperativa A carqueixa, formada por 215 socios de Tenreira Galega Suprema entidades cas que colabora de xeito activo a Asociación Ser.

A2.3 Promover o tecido asociativo de mulleres da comarca e as súas redes de apoio

Promover o tecido asociativo de mulleres implica fomentar a creación e fortalecemento das organizacións, grupos e redes que reúnen a mulleres con intereses comúns para traballar xuntas na consecución de obxectivos específicos. Nese sentido, a Asociación SER ten organizado eventos como o “Obradoiro de cerámica para mulleres do rural lucense”.

O coidado e mantemento do tecido asociativo da comarca parécenos fundamental para mellorar a calidade de vida e a viabilidade das actividades produtivas, sociais e culturais da montaña. Por iso organizamos encontros con actores do territorio, como o encontro “Son de monte”, cos GDRs de Galicia,

a reunión de Asociacións da Comarca de Ancares, ou o encontro "A arte de aprender, de educar e de vivir no rural" coas AMPAS do territorio.

Dende a Asociación Ser estabeleceremos espazos seguros e acolledores onde as mulleres se sintan cómodas compartindo as súas experiencias, ideas e aspiracións. Facilitaremos obradoiros e charlas educativas sobre liderazgo e habilidades para a participación en organizacións. Desenvolveremos accións de mentoría para conectar a mulleres máis experimentadas con aquelas que están comenzando na participación asociativa.

Apoiaremos as asociacións presentes no territorio coma a Asociación de Mulleres Rurais Ledicia, FADEMUR, entre outras, a estabelecer alianzas e colaboracións con outras organizacións que traballen en temas similares para ampliar o alcance e influencia. Do mesmo xeito promoveremos a participación en eventos y actividades conxuntas que fomenten a colaboración e a construción de redes.

Visibilizaremos a través de eventos públicos e campañas o impacto positivo do tecido asociativo de mulleres, destacando e recoñecendo os logros das mulleres dentro das asociacións, aumentando a súa visibilidade na comunidade.

L2 A3

Desenvolver modelos integrais de coidados adaptados ás necesidades do territorio

Todas as persoas precisan de coidados nos diferentes momentos da súa vida así como a responsabilidade moral e civil de coidar ós demais. Os coidados atravesan as nosas vidas, non deben limitarse a un ámbito específico se non que debe atender a múltiples dimensións da sociedade e da vida cotiá. Garantir que o coidado sexa unha consideración fundamental na toma de decisión tantos nas administracións públicas nas empresas e nas organización da sociedade civil é fundamental para construír sociedades más equitativas, inclusivas y centradas no benestar das persoas.

Nun contexto de dispersión xeográfica como o que vivimos nas montañas dos Ancares temos que procurar solucións imaxinativas baseadas no apoio mutuo e a solidariedade entre veciñas e veciños. Neste sentido tórnase indispensable sumar tempo e brazos para os coidados das nosas persoas. Isto implica superar estereotipos de xénero na provisión dos coidados, distribuíndo equitativamente as responsabilidades entre homes e mulleres. Para iso precisamos integrar na educación formal e informal a ensinanza de habilidades para os coidado e o fomento de actitudes y comportamentos coidadosos desde unha idade temperá.

A3.1 “Filandon familiar” para a conciliación e a crianza

Tradicionalmente chamábase filandón ás reunións veciñais que se realizaban polas noites, onde mulleres e homes facían traballos manuais mentres se contaban historias e se cantaba á beira do lume da lareira. A través de esta acción crearemos un espazo para o encontro, esparexemento e coidado compartido das nenas e nenos da comarca.

Esta actividade ven dar resposta por unha banda a atender a necesidade que teñen as nenas e nenos de encontrarse e

compartir xogos cos seus semellantes fora do horario escolar e por outra banda atender as necesidades dos pais de atoparse, compartir inquedanzas, experiencias e aprendizaxes nos coidados dos menores. Colaboraremos e daremos continuidade as actividades que se fan desde o Centro de Desenvolvemento Rural (CDR) Ancares cos mais pequenos dos concellos de Cervantes

Un programa de Filandón familiar itinerante e temático permitirá a partir de obradoiros, contacontos, xincanas, etc, achegar novas experiencias os mais cativos, diversificar a oferta de ocio e fortalecer os lazos entre os membros da comunidade.
A través do apoio da asociación SER daremos un pulo inicial a este programa de Filandón familiar, sabendo que vai ser a implicación dos propios pais e nais a que manteña no tempo e garanta a viabilidade e sostenibilidade desta actividade. A programación se fará de xeito colaborativo, atendendo aos devezos de cativos, pais e mais, que terán poder de proposición e se ocuparán, en cada caso, de coordinar o evento, actuación ou obradoiro programado.

A3.2 “Leiras e lareiras”: programa de aprendizaxe interxeracional

Unha das claves para o éxito dun programa interxeracional é o seu vencellamento a necesidades sentidas ou motivacións reais. Desde a Asociación Ser cremos na potencialidade e no valor engadido das relacións interxeracionais. Por iso, dentro das nosas actividades desenvolvimos obradoiros que profundizaron na aprendizaxe interxeracional, como (Re) conexión, no que varias veciñas maiores da comarca foron entrevistadas por adolescentes, ou ben o obradoiro de peches tradicionais en colaboración co **Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo**.O detalle destas actividades está recollido na Memoria 22-24.

Continuando este traballo e procurando incrementar o seu alcance, o programa de Leiras e Lareiras permitirá a transferencia de coñecementos vinculados o territorio ás novas xeracións, para promover o relevo xeracional en prácticas que poden supor a adquisición de novas destrezas e habilidades prácticas

para a rapazada ou incluso espertar motivacións para futuras oportunidades de emprego ou emprendemento.

Nos programas interxeracionais os beneficios son recíprocos e multidireccionais porque todas as xeracións implicadas reciben e dan ó mesmo tempo. Os resultados serán máis positivos canto maior sexa a participación no proxecto de todas as partes implicadas.

Os espazos e as formas de interacción teñen que ser accesibles para todas as idades, hai que ter en conta as normativas a cumprir cando no proxecto participan menores e non esquecer que outras xeracións non directamente implicadas tamén deben ser tidas en conta coma os pais e nais das e dos menores.

MARCO TEMPORAL: Revitalización da Poboación dos Ancares Lucenses

L2



L3

Liñas de intervención

L3: Novos manexos do territorio para a recuperación de terras ermas de Ancares

Novos manexos do territorio para a recuperación das terras ermas de Ancares

Avanzar nos procesos de ordenación do territorio é a terceita Liña Estratéxica identificada pola Asociación Ser para dar resposta aos desafíos que encara a poboación para desenvolver proxectos de vida con presente e futuro.

Detectamos a necesidade de ter un marco de referencia propio para Ancares que aborde a xestión territorial dun xeito integral capaz de harmonizar todas as escalas da planificación tendo presente as variables sociais, económicas, paisaxísticas e ambientais existentes. A participación social é un elemento crucial para o éxito de calquera instrumento ou iniciativa de ordenación territorial que se vaia a poñer en marcha nos Ancares. Fundamental será a transparencia nos procesos e que se garantan os dereitos de información e de iniciativa das persoas particulares.

O aproveitamento dos recursos naturais dun xeito sostible das xeracións presentes e futuras debe ser o vórtice sobre o que xiren todas as propostas que teña que ver coa xestión e ordenamento territorial. A recuperación de actividades tradicionais da bioeconomía forestal, agrícola ou pastoril aplicando as innovacións técnicas e tecnolóxicas actuais permitirá facer máis atractiva e asumible a posta en marcha de actividades produtivas para as novas xeracións.

Desde a Asociación Ser consideramos importante que todas as accións encamiñadas ó uso e xestión do territorio se desenvolvan dun xeito equilibrado de acordo ó óptimo aproveitamento do solo a tendendo a súa aptitude natural e potencial produtivo. O desenvolvemento de infraestruturas verdes para a conectividade ecolóxica, a loita contra o cambio climático e o respecto á multifuncionalidade dos ecosistemas son outros dos principios reitores das accións que propón a Asociación Ser no marco desta Liña Estratéxica.

L3 A1

Posta en marcha de instrumentos innovadores para os manexos do territorio

O 21 de maio do 2021 entrou en vigor en Galicia a Lei de Recuperación de Terra Agraria de Galicia[1] co ambicioso obxectivo de poñer a producir terras abandonadas e aportarlle base territorial suficiente as explotacións que o precisan. Segundo cálculos da propia administración Autonómica, en Galicia deixaron de ser produtivas arredor de 130 mil hectáreas na última década.

Esta lei presenta unha serie de novos instrumentos para a xestión do territorio coa intención de axilizar procesos, reducir custes e aplicar a innovación para superar os problemas asociados ao minifundismo e á perda de superficie útil dispoñible para a explotación agrícola, gandeira e forestal.

A coordinación con AGADER, Centro de Desenvolvemento Rrural Ancares e os Concellos será fundamental para poñer en marchas estes instrumentos no territorio, así como para a interlocución coa poboación das novas posibilidades que ofrece a norma.

A1.1 Posta en marcha dun sistema piloto de movilidade de terras

A nova implantación do sistema de permutas voluntarias de terras de especial interese agrario está dando bos resultados. A experiencia piloto iniciada en Friol (Lugo) esta espallándose a outros concellos. A redución da burocracia respecto a parcelaria, a mellora de incentivos para todas as partes e o menor custe son algunhas das vantaxes deste novo sistema de intercambio de terras que ata ó momento non se deu na comarca de Ancares.

O sistema de permuta realizase a través de acordos de carácter consensuado, bilateral e mutuo entre persoas propietarias de predios rústicos, para o intercambio dos mesmos. Outra das consecuencias positivas que ten este sistema ten que ver coas

1 https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210521/AnuncioC3B0-190521-0001_gl.html

axudas percibidas pola Política Agraria Común (PAC) da Unión Europea vencelladas ao terreo de cada titular. Unha condición que sempre prexudicou o agro galego por ser eminentemente minifundista. Esta iniciativa tense demostrado unha boa ferramenta para facilitar novos emprendementos empresariais e asentamentos de poboación no rural.

Para poder sacar adiante este sistema de xestión do territorio de forma exitosa é preciso que non existan problemas de titularidade do parcelario e que non sexa preciso novas infraestruturas viarias para poder aproveitar de forma exponencial a produtividade das explotacións nesas areas.

A1.2 Desenvolvemento de Aldea Modelo: Vilela

Tal e como define a Lei de Recuperación de Terra Agraria de Galicia nas aldeas modelo procurarase a recuperación da actividade económica e social dos terreos de antigo uso agrícola, gandeiro e forestal circundantes á aldea, e particularmente aqueles que se atopen en situación de abandono e infrautilización, así como dos núcleos incluidos nelas, co obxectivo de permitir a súa recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da súa poboación.
A propia lei contempla ademais actuacións en materia de rehabilitación e rexeneración urbana nas propias aldeas modelo. Fomentarase a recuperación de estes núcleos por parte das persoas propietarias, concellos ou entidades públicas e privadas, mediante a aprobación dos planes de dinamización específicos previstos na presente lei
O recoñecemento de Vilela como Aldea modelo permitirá afianzar o proceso xa iniciado pola asociación Ser, tanto de recuperación de terras agrícolas e forestais así como rehabilitación do patrimonio urbano da ladea camiños, pontes, capela ou castro entre outros.

A1.3 Apoio e posta en marcha de polígonos agroforestais

A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia establece como zonas preferentes para o desenvolvemento de polígonos agroforestais de iniciativa pública aquelas zonas de concentración ou reestruturación parcelaria

que presenten un abandono superior ao 50%. Ademais, esta lei fixa a superficie mínima dos polígonos en 10 hectáreas, aínda que esta última condición pode ser exceptuada

Os predios han de estar inscritos no rexistro da propiedade, ter as estremas e a titularidade ben identificadas e contar cun acceso rodado público. Dentro da superficie concentrada, identifícanse as áreas de boa aptitude produtiva e aquelas con abandono ou infrautilización e convértense en prioritarias para o desenvolvemento de polígonos agroforestais de iniciativa pública. De ser o caso, unha vez estudada a súa viabilidade, poden ser declarados de utilidade pública e interese social.

Unha vez que se cómpren ditas condicións, as persoas titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento das parcelas deben optar por poñer a producir as súas parcelas conforme a ordenación de usos do proxecto ou ben arrendalas ou vendelas ao axente promotor produtivo do polígono. Os polígonos poden incluír a reestruturación da propiedade co fin de que as parcelas ou lotes de parcelas teñan un tamaño suficiente para garantir a rendibilidade en función do tipo de cultivo ou aproveitamento.

L3 A2
Recuperación de prácticas produtivas sostibles

A producción de alimento demanda cada vez o uso de maior cantidade de recursos, o que constitúe un reto para os productores, investigadores e institucións relacionadas ó sector agropecuario. Isto conleva a realizar cambios nos procesos productivos ó intensificar as áreas de producción sen sobre explotar os recursos naturais

As prácticas silvopastorís son aquelas que combinan o pastoreo ca xestión forestal. O sobre pastoreo causa erosión do solo e reduce a produtividade gandeira. O Sistema Silvopastoril aborda estes problemas ó combinar árbores forestais con pastos e cultivos forraxeiros, reducindo as causas da erosión do solo e esgotamento dos recursos hídricos nas cada vez mais longas tempadas de seca.

A Asociación SER ten traballado na sensibilización e visibilización deste tipo de prácticas, poñendo o foco na súa capacidade para

xerar unha economía sostible. Organizamos, xunto da Área de Medio Rural da Deputación de Lugo e maila Sociedade Galega de Pastos e Forraxes, as xornadas “O que non arde”, orientadas a prestar apoio e transferir coñecementos a persoas interesadas en desenvolver iniciativas produtivas no rural.

Tamén fomentamos a transmisión de conocementos de antigas prácticas como a apicultura, con obradoiros impartidos por Alberto Uría, onde, además de formar a novos e vellos apicultores da comarca, Alberto fixo fincapé nos manexos asociados á apicultura, distinguindo entre os manexos sostibles e aqueles que non o son.

No caso do silvopastoreo caprino case extinto nos Ancares, ten a potencialidade de recuperar terreos baldíos e ser un eficaz método contra os lumes forestais e a restauración da paisaxe. Para poder recuperar masas forestais produtivas coma os soutos e antigos pastos abandonados é indispensable mellorar as condicións de traballo destas actividades para facelas atractivas para novas produtoras. Viabilizar o silvopastoreo nos Ancares pasa ademais pola innovación tecnolóxica a mecanización e a mellora das canles de comercialización.

A2.1 Bioeconomía forestal, recuperación e aproveitamento de soutos

Os soutos tradicionais teñen una extraordinaria importancia como parte do patrimonio natural e tamén posúen un extraordinario potencial para o desenvolvemento económico e social posto que constitúen o elemento fundamental dunha actividade económica en alza. Como hábitats humanizados, precisan da intervención para a súa conservación. Enxertos, rozas, podas estruturais e tratamentos fitosanitarios fronte as pragas e enfermidades que o ameazan son actuacións que deben ser acometidas polo seus donos.

O completo desenvolvemento da actividade económica entorno a produción de froito e madeira dos soutos ten varias limitacións. Con frecuencia, os traballos de limpeza, poda e corta nos soutos requiren de man de obra cualificada que xa non se atopa no entorno local. En moitos dos casos as labores de mantemento limítanse a recolección manual do froito e labores básicas de

roza, descoidando as tarefas de corta de castaños bravos e o enxerto das variedades produtivas, por estes motivos resulta indispensábel fortalecer o tecido asociativo e o asociacionismo forestal.

Co obxectivo de ofrecer formación aos propietarios e a posibles profesionais, a Asociación SER ven roganizando regularmente obradoiros que teñen en conta as problemáticas descritas arriba: “Recuperación de soutos vellos: seguridade na demouca e técnicas de trepa”, en novembro de 2021, ou “Enxerto de castañeiros, pumares e cereixais”, en febreiro de 2022. O detalle destas actividades está recollido na Memoria 21-23.

A Cooperativa a Carqueixa promove no territorio agrupacións forestais destinadas a mellorar a produción dos soutos mediante a aplicación dos tratamentos tradicionais, rozas, podas estruturais e fitosanitarios adecuados. Igualmente traballa na mellora da clasificación e almacenaxe do produto e en adquirir maquinaría específica, como calibradoras e colleitadoras, que permita mecanizar o sistema de recollida para a veciñanza.

Dende a Asociación Ser aliñados coa cooperativa A Carqueixa favorecermos a conformación destas agrupacións forestais encamiñadas a recuperación de soutos tradicionais nos Ancares.

A2.2 Desenvolvemento do programa Campus Rural

O Programa Campus Rural é una iniciativa do Ministerio par a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico na que participa o Campus da Universidade de Santiago. Este programa permite ós universitarios de calquera titulación oficial realizar prácticas formativas en municipios de menos de cinco mil habitantes con problemas de despoboación.

O programa aposta polas potencialidades do territorio, a promoción do emprego xove e o impulso do talento local, fomentando a vinculación da poboación de diferentes zonas cos espazos rurais, xerando novas formas de arraigo e vínculo, que impulsen a actividade creen oportunidades de emprego no territorio.

As prácticas deberán ter lugar entre o 1 de xuño e o 31 de outubro do curso académico correspondente, cunha duración mínima de tres meses e máxima de cinco. Os estudantes

recibirán unha beca de 1.000 euros brutos mensuais para aloxamento e manutención. Desta forma os/as estudantes terán a oportunidade de contribuír a xerar oportunidades na comarca aportando o seu talento.

L3 A3

Diálogos territoriais para novos manexos

O reto demográfico e a cohesión territorial implican unha intensa colaboración entre actores públicos e privados, especialmente cos representantes dos colectivos sociais e territoriais que abordan estes desafíos. O impulso de novas iniciativas, de políticas públicas para a xestión e ordenación do territorio, deben vir da man de mecanismos de participación, nos que se fomente a transmisión de información, o intercambio de ideas, a consulta de opinións, a procura de posicións comúns os consensos, e a colaboración e cooperación entre actores.

Estableceremos espazos para o encontro que faciliten a interlocución e a transformación positiva na ordenación e manexo do territorio. Terán como propósito que as partes se recoñezan como pares e teñan a posibilidade de identificar conxuntamente alternativas para dinamizar proxectos produtivos.

Estes diálogos permitiran artellar accións fronte a problemáticas comúns e o establecemento de compromisos entre as partes asociadas aos manexos do monte.

A3.1 Laboratorios veciñais para os manexos do territorio

A idea deste laboratorio xurde da necesidade de por en valor e recuperar as diferentes formas existentes nos Ancares de coidado, produción e manexo do territorio. Co fin de explorar as diferentes posibilidades que ofrecen estas montañas para a innovación, a experimentación e a colaboración entre diferentes campos de coñecemento e experiencias.

Este laboratorio permitirá fortalecer vínculos e intercambiar entre os diferentes modelos e instrumentos de xestión postos

a disposición da veciñanza, para actualizar os manexos ás necesidades actuais. Será un espazo de construción colectiva de coñecementos e novas formas de aprendizaxe. Promoveráse a interxeracionalidade e a equidade de xénero, facilitando a incorporación da xuventude e das mulleres á toma de decisións no manexo do territorio.

A partir da análise, o debate e participación xurdirán propostas para a utilización do espazo público e uso comunal de bens de titularidade pública. Para todo isto será imprescindible a implicación activa dos concellos e a colaboración intermunicipal.

A3.2 Encontros para xestión sostible do territorio: "Foro Montes de eiqui"

Con esta acción organizaremos conferencias, charlas e debates nas que achegaremos aos Ancares experiencias exitosas de manexos noutros territorios de similares características, colocando na palestra solucións innovadoras para a xestión e ordenación do territorio. Un efecto importante destas charlas e debates ha de ser o de difundir a idea de que "é posible facelo", fronte as ideas herdadas que negan a posibilidade de desenvolver actividades produtivas neste territorio montañoso e illado.

Neste sentido dende a Asociación Ser temos realizado as xornadas "O que non arde" e as xornadas da Sociedade Galega de Pastos e Forraxes onde se incidiu nos distintos aproveitamentos desde unha perspectiva multifuncional do monte

Ao mesmo tempo estes encontros servirán como instrumentos de participación veciñal para recadar as opinións, ideas e propostas. Os foros serán abertos a toda a cidadanía, terán lugar en diferentes aldeas da contorna e se axustarán á escala dos vales e aldeas nos que teñan lugar. Poderán abordar diferentes aspectos relacionados cos usos e manexos dos espazos comúns, públicos ou veciñais (Montes en Man Común, Montes de Varas).

Este espazo está orientado a visibilizar o potencial de servizos económicos e ecosistémicos dos que dispoñemos no territorio, poñendo o énfase na multifuncionalidade e buscando sempre a sostibilidade dos manexos. Buscamos con ilo asegurar a cohesión social, económica e territorial da veciñanza ancaresa

MARCO TEMPORAL: Novos manexos do territorio para a recuperación de terras ermas de Ancares



6. Alianzas no territorio

As alianzas estratéxicas con persoas, entidades e administracións que comparten os mesmos obxectivos e enfoques de traballo son fundamentais para poder optimizar os recursos e multiplicar resultados. Facilitar o encontro e fortalecer o tecido asociativo na comarca é transcendental para superar as condicións de dispersión e illamento xeográfico característico destas montañas.

Así, fomentar a colaboración entre entidades de diversos sectores e diferentes niveis de intervención, permitirá superar barreras e limitacións instaladas no imaxinario colectivo. Contribuíndo deste xeito a desenvolver unha cultura da confianza e do respecto na diversidade, unha comunidade máis cohesionada con maior capacidade para abordar os desafíos presentes e futuros.

A estratexia de traballo da Asociación Ser fundaméntase no enfoque de dereitos, polo cal as persoas, colectivos e institucións participan, contribúen e se benefician do proceso de desenvolvemento do territorio. Sendo así a hora de estabelecer relacións de colaboración e alianzas distinguimos entre

- **Titulares de Obrigacións**. Aquelas institucións públicas que teñen o deber de proveer e velar polo cumprimento dos dereitos dos cidadáns dun territorio. No caso dos Ancares temos os Concellos de Navia de Suarna, Cervantes, Becerreá, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro, A deputación Provincial de Lugo, A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural entre outros.

- **Titulares de Responsabilidades**. Aquelas entidades do territorio que se constitúen asumindo unha responsabilidade determinada cá sociedade a que

pertence En Ancares destacan ca Cooperativa A Carqueixa, A Asociación de Montes e vales Orientais (GDR3) Comunidades de Montes Veciñais de Man Común (CMVMC), Asociacións deportivas de Caza da Comarca, Asociación de Mulleres , Asociación Teitos de Piornedo, Aso Veciñal Irmandade Naviega etc.

- **Titulares de Dereitos**. Todas as persoas son titulares de todos os dereitos. Para lograr o cumprimento real deste principio de igualdade, debese atender as circunstancias ou necesidades específicas de cada persoa ou colectivo de persoas. Neste sentido e tal como establecemos no apartado de a que acompañamos no cumprimento real dos seus dereitos e o acceso a igualdade de oportunidades desde a Asociación Ser priorizamos a nos atención a mulleres, rapaces, maiores, familias gandeiras e novos poboadores.

Apoiar procesos de fortalecemento das capacidades dos diferentes titulares é o principal medio para promover o desenvolvemento humano sostible. De tal xeito que, por un lado, os titulares de obrigacións elaboren políticas públicas transparentes, incorporen a rendición de contas e cumpran cas súas obrigas, mentres que por outra banda, promóvase a construción dunha cidadanía activa, participativa, consciente dos seus dereitos e deberes como parte da sociedade.

Este enfoque de dereitos co que traballaremos as alianzas cas forzas vivas do territorio basease no “paradigma de sostenibilidade da vida”, consistente en colocar no centro, as vidas das persoas e do planeta e os coidados que estas precisan, no lugar de organizar e categorizar a sociedade en función do sistema de produción e consumo.

7. Perspectivas económicas

O traballo da Asociación Ser para por estabelecer partenariados a corto medio con entidades públicas e privadas que compartan obxectivos e permitan financiar o programa de acción aquí descrito. A vontade da asociación por acadar un maior impacto no desenvolvemetno sostible da comarca debe ir acompañada dun proceso de estabilidade económica. Despois dun primeiro período inicial de catro anos 2019-2023 onde a asociación converteuse nun referente no territorio, programando de xeito constante e ininterrompido actividades culturais, ambientais e produtivas co esforzo persoal dos asociados e a colaboración de moitos colectivos e tras un período de análise e reflexión no seo da organización , chegouse o consenso de que é o momento de dar un paso cara diante na profesionalización da nosa actividade.

Esta prevista a contratación gradual dun equipo de traballo conformado por unha persoa coordinadora, encargada das relacións institucionais, do establecemento de alianzas, da elaboración das propostas, do seguimento e monitoreo técnico e financeiro dos proxectos. Unha persoa técnica que leve o peso da execución dos proxectos, a loxística para a implementación das actividades, a elaboración de informes, e o apoio nas accións de comunicación e difusión dos proxectos. Ademais está prevista a contratación dunha persoa con funcións administrativas, encargada da contabilidade dos proxectos, das relacións con provedores e da elaboración de informes financeiros.

Ademais debido a alta carga de traballos especializados está prevista a contratación de diferentes servizos técnicos para a realización de inventarios ou diagnósticos, a elaboración de ferramentas web e dixitais, a realización de obradoiros, campos de traballo ou residencias artísticas.

As actividades que implican obras, equipos e suministros están pensadas para recuperar e dar novos usos a espazos de alto valor patrimonial, así como para por de novo a producir terras ermas ou soutos abandonados e que son de gran importancia para o mantemento da economía e do ecosistema de montaña. Ademais está previsto a dotación de equipos e suministros para a realización de actividades culturais, sociais e ambientais dirixidas a comunidade educativa da comarca.

Unha importante tarefa para contribuír o desenvolvemento do territorio e dar a coñecer a comarca a través de actividades de ida e volta, a partida de viaxes, aloxamento e dietas está pensada para por unha banda facilitar a participación de actores claves do territorio en congresos, feiras e eventos de interese común para a comarca e por outra banda facilitar a chegada a Ancares de Artistas, voluntarias ou profesionais que veñan a desenvolver actividades no marco dos proxectos.

Para a execución o seguimento e avaliación dos proxectos preveremos partida de gastos correntes, na que se orzamentarán gastos de oficina, comunicación, combustible, material de papelería, pequenos gastos que é fundamental ter en conta para o día a día dos proxectos.

As auditorías externas obrigatorias no caso de contar con fondos públicos está previstas realizarse anualmente e permitiranos por unha banda ter as contas da asociación organizadas de xeito permanente e outorgarán transparencia e confianza as entidades socias. Do mesmo xeito as avaliacións externas permitiran saber os nosos asociados e financiadores o impacto real que estamos a ter no territorio e o alcance de resultados e obxectivos propostos.

Preveremos un 3% de custes indirectos para poder cubrir os imprevistos que sempre aparecen en todos os proxectos así como aqueles custes que no están directamente relacionados cas actividades dun proxecto concreto pero que sí son indispensábeis para o funcionamento da organización.

8. Monitoría, seguimento e avaliación

O Grupo de Acción Programática (GAP) da Asociación Ser será o encargado de asumir a coordinación dos proxectos e actividades, de realizar o monitorio para o logro de resultados, impactos e obxectivos, así como o órgano responsable dentro da asociación da revisión financeira e administrativa para o cumprimento dos procedementos e a normativa vixente de cada socia financiador.

O GAP controlará e avaliará periodicamente o avance do programa de Acción 2024-2028, velará pola correcta utilización de los recursos e medios para a instrumentación das accións previstas.

Establecerase un Comité de Compras (CC) integrado pola persoa Coordinadora do programa a Administradora e as persoas responsables da execución de cada liña programática as súas funcións serán as de decidir as compras a efectuar e dar seguimento as execucións financeiras para o pago ós provedores de acordo a lexislación vixente. Os fondos se recibiranse en contas separadas a nome de cada Proxecto.

Sistema de Avaliación:

Estableceremos un sistema de avaliación interna trimestral na que se integrarán tanto os membros do GAP como do CC da Asociación Ser para avaliar os logros acadados e os impactos previstos no desenvolvemento do territorio.

O sistema de avaliación considerará os seguintes criterios:

- **Pertinencia**: Adecuación dos obxectivos dos Proxectos ós problemas que trata de resolver e ó contexto no que opera. Tamén refírese á calidade na identificación e deseño dos proxectos (lóxica dos procesos de planificación, coherencia nos deseños). Coherencia na relación cas estratexias e prioridades autonómicas, estatais e europeas para o desenvolvemento rural.

- **Eficiencia**: Medida do logro dos resultados en relación cós recursos empregados. Segundo este criterio, analizarase o cumprimento do orzamento e o cronograma estabelecidos inicialmente para o proxecto, así como a xestión dos recursos empregados ata o momento.

- **Eficacia**: Avaliarase en que medida os resultados definidos nos proxectos materializáronse, permitindo achegarse efectivamente obxectivo proposto, destacando a fortaleza das medidas tomadas, así como a relevancia das formas de resolve as dificultades que se atoparon para alcanzalos. Deberase por especial énfase na calidade da identificación; a claridade y pertinencia na definición e correlación entre obxectivos e resultados; os criterios empregados para a correcta definición de beneficiarios/as, a correcta identificación de outros grupos afectados; a claridade e pertinencia no cumprimento de indicadores (cuantitativos e cualitativos).

- **Impacto económico e social**: Análise dos efectos positivos e negativos da intervención nas súas zonas de influencia, estabelecendo as causas que contribuíran a ditos resultados. Seguindo este criterio:

    1. Considerarase o impacto que puideran ter outros proxectos na zona.

    2. Valoraranse aqueles efectos do proxecto na mellora da calidade de vida da contorna.

    3. Valorarase así mesmo a visibilidade da Asociación Ser e dos seus socios financiadores como consecuencia da execución dos proxectos.

- **Viabilidade técnica e financeira e sostibilidade**: A probabilidade de que os beneficios alcanzados ca execución dos proxectos continúen unha vez haxa rematado a financiación externa, especialmente no relacionado cos aspectos socio-culturais, equidade de xénero, metodoloxía apropiada, aspectos medioambientais, capacidade institucional e de xestión.

Anexo I

Árbores de problemas e obxectivos

Problemas


Despoboación, perda de servizos, de biodiversidade e de identidade
Falta de dinamismo socioeconómico na Comarca dos Ancares
Envellecemento da poboación
Dificultade na ordenación do territorio
Paradigma cultural urbanizante
Emigración / Éxodo femenino
Baixa natalidade
Presión social cara o modelo de desenvolvemento urbano
Desvalorización histórica (recursos e patrimonio) de Ancares
Falta de autoestima
Complexidade de tipoloxías de propieadade
Ausencia de políticas aplicadas ao territorio
Falta de incentivos aos propietarios

Obxectivos


Recuperada a demografía, os servizos e o ecosistema de Ancares
A comarca de Ancares dinámica e revitalizada
Rexuvenecida a poboación
Mellorada a ordenación e xestión do territorio
Paradigma cultural que valora a vida en Ancares
Atracción de novos poboadores / retorno feminino facilitado
Aumento da natalidade na comarca
Empoderamento social cara o modelo de desenvolvemento rural
Recuperación da autoestima
Valorización histórica (recursos e patrimonio) de Ancares
Actualizadas e catalogadas as propiedades da comarca
Implementadas políticas aplicadas ao territorio
Xeneración de incentivos aos propietarios

Anexo II

Matriz de Marco Lóxico

Descrición				
Obxectivo Xeral	**Recuperación da demografía, dos servizos e do ecosistema dos Ancares lucenses**			
	Descrición	**Indicadores obxectivamente verificables**	**Fontes de verificación**	**Hipótese**
Obxectivo Específico OE1	**Dinamizar a comarca dos Ancares lucenses a través do desenvolvemento económico, social e ambiental.**	IOE1 4.000 persoas participaron en actividades promovidas pola asociación SER nos 4 anos de duración do programa. IOE2 24 novas familias asentadas na comarca acompañadas pola oficina de novos poboadores IOE3 Recuperadas para a producción 25 hectareas de pastos e 240 hectáreas de forestal en desuso	FFVV.IOE1 Listados de participantes, fotografías, publicacións nas RRSS, memorias das actividades FFVV.IOE2 Rexistos da oficina, actas de acompañamento, informes de asentamento de novos poboadores acompañados etc. FFVV.IOE3 Contratos de obras, material gráfico dos obradoiros realizados, das accions de voluntariado, publicacións en RRSS, fotografias	O reto demográfico continua sendo unha prioridade para as administracións públicas A lexislación sobre recuperación de terras manténse estable

LÍNEA ACTUACIÓN 1	**Mudanza do paradigma cultural: Revalorizar Ancares.**	IL 3.1 Recuperadas 3 Pallozas / Hórreos nos Ancares para novos usos IL 3.2 Polo menos 180 personas participan en actividades de voluntariado ambiental ou residencias artísticas promovidas pola asociación SER IL 3.3 Elaboradas 4 Programacións Culturais anuais dirixidas á veciñanza, que inclúan polo menos 6 actividades culturais realizadas cada ano	FFVV.IL.3.1 Contrato de colaboración entre a entidade e os veciños y veciñas, fografías, memorias de actividade FFVV.IL.3.2 Dossier con fotografías de cada actividade ou xornada, listados de participantes FFVV.IL.3.3 Rexistro de actividades culturais, con detalle do nº de personas participantes, fotografías e publicacións nos medios	As administracións locais seguen interesadas na recuperación do patrimonio material e inmaterial do territorio As veciñas e veciños ven a conservación da biodiversidade do territorio como motor de desenvolvemento local
Accións	**Descrición detallada das actividades e as diferentes etapas**		**Recursos**	
Accións 1.1	**A cultura como vehículo de encontro comunitario**			
A.1.1.1	**Cineclube da Montaña.**		Servizos técnicos, refrixerios, combustible, material de oficina, persoal, gastos de comunicación e publicacións	
A.1.1.2	**Festival de Músicas do Mundo de Ancares**		Equipos e suminsitros artísticos, viaxes, dietas e aloxamento, refrixerios, servizos técnicos artísticos	
A.1.1.3	**Residencias artísticas que aporten valor ao territorio**		Servizos técnicos para obradorios, equipos e suminsitros de obra, persoal	
A.1.1.4	**Laboratorio xuvenil de creación audiovisual**		Servizos técnicos, equipos informáticos e audiovisuais, persoal	
A.1.1.5	**Campus de cinema "Procesos creativos esenciais", con Oliver Laxe**		Servizos técnicos de capacitación, suministros, persoal, comunicación, publicacións, combustible, gastos de oficina	

Accións 1.2	Apropiación social dos valores patrimonias do territorio			
A.1.2.1	**Educación para a conservación ambiental e cultural (ximcana, obradoiros, roteiros, feiras etc)**		Servizos técnicos de capacitación, suministros, persoal, comunicación, publicacións, combustible, gastos de oficina	
A.1.2.2	**Celebración do premio "Inspiración Ancares": recoñecemento ás boas prácticas no territorio**		Suminsitros, equipos, publicacións, aluger de sala, refrixerios, persoal	
A.1.2.3	**Voluntariados para a recuperación do patrimonio**		Servizos técnicos monitores de lecer, seguros, suministros e equipos, persoal, viaxes, dietas e aloxamento, material de oficina	
Accións 1.3	Novos usos dos bens arquitectónicos (pallozas, hórreos, torres, igrexas...) de Ancares			
A.1.3.1	**Inventariado e difusión dos recursos patrimoniais e arquitectónicos**		Servizos técnicos, refrixerios, combustible, material de oficina, persoal, gastos de comunicación e publicacións	
A.1.3.2	**Ocupación cultural do patrimonio**		Suministros, servizos de capacitación, refrixerios, viaxes, dietas e aloxamento, persoal, material de oficina	
A.1.3.3	**Viabilidade das pallozas: Recuperación da Cultural do Colmo.**		Suministros, servizos de capacitación, refrixerios, viaxes, dietas e aloxamento, persoal, material de oficina	

LÍNEA ACTUACIÓN 2	**Revitalizada a Poboación dos Ancares Lucenses**	IL1.1 Realízados un mínimo de 360 acompañamentos a novos poboadores IL1.2 Apoiadas 115 mulleres para a dinamización do emprego e o emprendemento na comarca IL1.3 Postos en marcha 3 programas de coidados e apoio á veciñanza: realizados 16 "filandóns familiares", funcionando 1 aplicación de movilidade colaborativa e realizadas 8 sesións de "Leiras e laireiras"	FFVV.IL1.1. Nº de contactos ao proxecto de persoas y/o unidades familiares, a través do rexistro interno de correos no buzón, chamadas telefónicas, derivacións ao proxecto de institucións públicas e entidades sociais da comarca, etc. FFVV.IL1.2 Informe de participación/asistencia, cunto con fotografías de cada acción FFVV.IL1.3 Rexistro de sesións e listado de participación de familias de cada sesión	A conectividade da comarca está operativa durante o periodo de intervención A Comunnidade educativa mantén o seu interese polo desenvolvemento sostible da comarca
Accións	**Descrición detallada das actividades e as diferentes etapas**		**Recursos**	**Gastos (€)**
Ación 2.1	Crear a Oficina de Acompañamento e Acollida a Novos Poboadores			
A.2.1.1.	**Inventariado de recursos da comarca (banco de vivenda, emprego, actividades culturais, asociacións, actividades de ocio e tempo de lecer, turismo...)**		Servizos técnicos, refrixerios, combustible, material de oficina, persoal, gastos de comunicación e publicacións	
A.2.1.2.	**Deseño de ferramentas para a procura activa de posibeis novos poboadores**		Deseño web, viaxes, dietas e aloxamento, persoal, refrixerios e material de oficina	
A.2.1.3.	**Apertura do "Espazo de Benvida"**		Obras de rehabilitación, equipamento informático, mobiliario, persoal	

Acción 2.2	Apoio ao emprego e emprendimento economico-social feminino			
A.2.2.1.	**Diagnose do territorio con perspectiva de xénero**		Servizos técnicos, refrixerios, combustible, material de oficina, persoal, gastos de comunicación e publicacións	
A.2.2.2.	**Apoio a mulleres produtoras da montaña**		Renting vehículo, suministros, servizos de capacitación, refrixerios, viaxes, dietas e aloxamento, persoal, material de oficina	
A.2.2.3.	**Promover o tecido asociativo de mulleres da comarca e as súas redes de apoio**		Servizos de obradoiros, refrixerios, combustible, material de oficina, persoal, viaxes, aloxamento e dietas	
Acción 2.3	Desenvolver modelos integrais de coidados adaptados ás necesidades do territorio (apoio as familias, infancia, mocidade e persoas maiores)			
A.2.3.1.	**"Filandón Familiar" para a conciliación e a crianza**		Obradoiros, equipos , mobiliario, refrixerios, persoal local, combustible, material de oficina e comunicación	
A.2.3.2.	**"Leiras e Lareiras": programa de aprendizaxe interxeracional**		Suministros, servizos de capacitación, refrixerios, viaxes, dietas e aloxamento, persoal, material de oficina	

LÍNEA ACTUACIÓN 3	**Promovidos novos manexos do territorio para a recuperación de terras ermas de Ancares**	IL 2.1 Consolidada a Aldea modelo de Vilela IL 2.2 Recuperadas alomenos 120 hectareas de soutos para a producción de castaña e produtos derivados IL 2.3 Realizados alomenos 24 encontros do "Foro Montes de equí" e creados 2 laboratorios veciñais	FFVV.IL.2.1 Publicación no DOG do rexisto da Aldea modelo, informes técnicos das accións realizadas, contratos de obras e servizos FFVV.IL.2.2 Listado de propietarios de soutos recuperados, informes da actividade FFVV.IL.2.3 Listado de veciños e veciñas e entidades participantes nos encuentros do Foro, publicacións nas RRSS, fotografias, presentacións realizadas en cada foro	O interese das veciñas e veciños sobre a recuperación de terras baldias menténse A lexislación sobre recuperación de terras manténse estable
Accións	**Descrición detallada das actividades e as diferentes etapas**		**Recursos**	**Gastos (€)**
Acción 3.1	**Posta en marcha de instrumentos innovadores para os manexos do territorio**			
A.3.1.1	**Posta en marcha dun sistema piloto de movilidade de terras**		Persoal, vehículo, refrixerios, material de oficina, comunicación, equipos informáticos, suministros	
A.3.1.2	**Desenvolvemento da Aldea Modelo: Vilela**		Persoal, vehículo, refrixerios, material de oficina, comunicación, equipos informáticos, suministros	
A.3.1.3	**Posta en marcha de polígonos agroforestais: Navia de Suarna**		Persoal, vehículo, refrixerios, material de oficina, comunicación, equipos informáticos, suministros	

Acción 3.2	**Recuperación de prácticas produtivas sostibles**			
A.3.2.1	**Bioeconomía forestal, recuperación e aproveitamento de soutos**		Equipos forestais, suministros forestais, servizos técnicos de capacitación, persoal local	
A.3.2.2	**Desenvelmomento do programa Campus Rural**		Persoal, equipos informáticos, seguros, refrixerios, comunicación	
Acción 3.3	**Diálogos territoriais para novos manexos**			
A.3.3.1	**Laboratorios veciñais para os manexos do territorio**		Obradoiros, equipos, mobiliario, refrixerios, persoal local, combustible, material de oficina e comunicación	
A.3.3.2	**Encontros para xestión sostible do territorio: "Foro Montes de eiqui"**		Servizos técnicos ponentes, refrixerios, persoal local, combustible, material de oficina e comunicación	

AciónsTransversais	Descrición detallada das actividades e as diferentes etapas			
AT. 1	Accións de Comunicación, divulgación e visibilidade			
	Elaboración e execución dun Plan de Comunicación para a Asociación Ser		Servizos técnicos, refrixerios, combustible, material de oficina, persoal, gastos de comunicación e publicacións	
	Deseño e posta en funcionamento de estratexia de comunicación e difusión (detección de necesidades)		Servizos técnicos, refrixerios, combustible, material de oficina, persoal, gastos de comunicación e publicacións	
AT. 2	Accións de Segumento e monitoreo			
	Deseño e implementación dun sistema de seguimento e monitoreo do alcance da estratexia de traballo 2024-2028		Servizos técnicos de auditoria e avaliación	

SOMOS NOS MOVILIZAMOS ACTUALIDAD ENCUENTROS Cat Gal Eus

Somos Nos Planta-mos

Un movimiento abierto de organizaciones y personas que **defendemos la Soberanía Alimentaria y la agroecología campesina**, con protagonismo de las personas agricultoras y trabajadoras de la tierra, que reivindica un mundo rural vivo y una resistencia firme ante la destrucción de la naturaleza, la tierra y la vida.

David Gallar Hernández

https://nosplantamos.org/

Después de dos años de esfuerzo colectivo, después de dos encuentros con más 200 personas y 50 organizaciones, con acciones directas en esos encuentros, con acciones y respuestas a algunas situaciones del mundo rural y agrario, tanto en nuestra web (https://nosplantamos.org/) como en diferentes medios de comunicación..., Nos Plantamos queremos seguir avanzando y fortalecer este movimiento que estamos construyendo entre todas.

Nos Plantamos somos "Un movimiento abierto de organizaciones y personas que **defendemos la Soberanía Alimentaria y la agroecología campesina**, con protagonismo de las personas agricultoras y trabajadoras de la tierra, que reivindica un mundo rural vivo y una resistencia firme ante la destrucción de la naturaleza, la tierra y la vida".

En 2023 nos juntamos en Córdoba y el año pasado en Allariz:
https://nosplantamos.org/encuentros/
Ante las movilizaciones agrarias de 2024 Nos Plantamos aportamos nuestra opinión:
https://nosplantamos.org/nos-plantamos-ante-las-movilizaciones-agrarias/

En 2025 lanzamos un llamamiento a acciones en torno al día de la lucha campesina, el 17 de abril (https://nosplantamos.org/semana-de-la-lucha-campesina-llamamiento-para-acciones-del-14-al-27-de-abril-de-2025/) y hemos acogido diversas actividades por parte de diferentes organizaciones (https://nosplantamos.org/acciones-para-la-semana-de-la-lucha-campesina/)

Pero queremos seguir haciendo cosas, queremos ser un movimiento más potente, más ágil, más incisivo, más inclusivo, más arraigado en los territorios... Queremos repensarnos para ser mejores y queremos acoger y enredarnos con más colectivos en todos los territorios... Por eso, el fin de semana del 13-15 de marzo de 2026 nos encontraremos para ver cómo Nos Plantamos puede ser útil para todas.